

# ROBOT DREAMS

Pablo Berger, 2023


# 1207

ESTREA EN NUMAX: 06.12.2023 | V.O. | TP

DOG é un can solitario que vive en Manhattan. Un día decide contruír un robot, un amigo. A súa amizade medra, até facérense inseparables, ao ritmo do Nova York dos oitenta. Unha noite de verán, Dog con gran pena, vese obrigado a abandonar a ROBOT na praia. Volveranse atopar? Baseada na popular novela gráfica de Sara Varon.

«Unha proposta tan clásica como revolucionaria sobre a fragilidade da amizade, o medo á soidade e o tempo. Unha marabilla»

Luis Martínez, EL MUNDO



## Decálogo de Pablo Berger

### É unha reflexión sobre a amizade

Da súa importancia e fragilidade. Do paso do tempo, da perda pero tamén da superación. Por que poñemos as nosas relacións constantemente en perigo?

### É un filme de "debuxos animados"

Con Robot Dreams quixen explorar as infinitas posibilidades narrativas da animación. Un medio onde todo é posible e no que non hai límites formais.

### É unha viaxe sensorial

Un conto escrito con imaxes, sons e música. Unha película para soñar esperto e acompañar a Dog e Robot nas súas aventuras e desventuras. Unha experiencia para sentir.

### É emoción

Unha fábula fantástica de sentimentos, onde a mirada é a sublimación da acción. E onde a emoción agroma do comportamento "humano" e honesto dos nosos protagonistas ante a adversidade.

### É un musical

Desde as primeiras imaxes até o remate a música está presente, dando voz aos personaxes e enriquecendo e intensificando as súas emocións. A banda sonora combina música orixinal gravada por Alfonso de Vilallonga con grandes éxitos musicais, desde o mítico *September de Earth, Wind and Fire* até o oitenteiro *Let's Go de The Feelies*.

### É a miña carta de amor a Nova York

O espectador vai viaxar no tempo ao NYC dos oitenta. Vivirá nun pequeno apartamento do East Village, collerá o metro para ir a Chinatown, comerá un hot dog nun posto de rúa da Quinta Avenida ou irá patinar a Central Park. Robot Dreams é a miña particular homenaxe a Nova York, a cidade que me adoptou durante unha década e na que me formei como cineasta.

### É a nosa interpretación do mundo gráfico de Sara Varon

Varon é unha das ilustradora máis recoñecidas dos Estados Unidos. O seu mundo antropomórfico de animais con comportamento humano que viven en Nova York é unha constante en todos os seus libros. As súas historias, o seu recoñecible estilo e o seu expresivo uso da cor, fan dela unha artista gráfica excepcional.

### É algo novo na miña filmografía

### É unha coprodución hispano-francesa con vocación internacional

Unimos os nosos recursos artísticos e económicos con Francia para levar adiante este proxecto. A estrea mundial de *Robot Dreams* tivo lugar en Cannes e logo en Annecy. Está prevista a súa estrea en todo o mundo.

### É para todos os públicos

Quero cativar o espectador, o pequeno e o máis grande, de aquí e de acolá, contar unha historia chea de fantasía pero tan real como a vida mesma. Un filme diferente para o gran público.



Na librería  
**NUMAX**  
[numax.org/librería](http://numax.org/librería)

*Robot Dreams*,  
Sara Varon  
Norma, 2022